



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Historia Económica de España		Código	611G01015
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Vilar Rodríguez, Margarita	Correo electrónico	margarita.vilar.rodriguez@udc.es	
Profesorado	Vilar Rodríguez, Margarita	Correo electrónico	margarita.vilar.rodriguez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O principal obxectivo desta materia consiste en que o alumnado sexa capaz de comprender e analizar a evolución da economía española desde unha perspectiva de longo prazo, o que lle permitirá situar as etapas máis representativas do seu desenvolvemento no proceso de converxencia con Europa. Non podemos esquecer que a Historia Económica ofrece ao alumnado os coñecementos sobre a evolución económica en épocas pasadas que lle faciliten a comprensión do mundo actual. O contexto actual no que vivimos (e no que o alumnado vai actuar como economista) é resultado dunha longa evolución, sen cuxa comprensión nos faltarían elementos para unha interpretación correcta dos acontecementos actuais. Nun mundo cada vez máis globalizado, o coñecemento da Historia Económica e das súas raíces máis profundas ten que formar parte da maleta intelectual dun futuro economista. Doutro lado, o coñecemento e reflexión sobre a evolución económica das sociedades desde unha perspectiva de longo prazo permite introducir ao estudante nunha temática e razoamentos propios dun economista (o funcionamento dos mercados, o comportamento dos consumidores e das empresas, os mecanismos de distribución e acumulación, a dinámica do crecemento económico, entre outros) aplicada sobre acontecementos económicos que xa sucederon e que son coñecidos. Deste xeito, a Historia Económica complementa desde o estudo dunha realidade coñecida os modelos teóricos propios da análise económica.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer e entender a realidade económica internacional e española, as súas transformacións no longo prazo, os sectores produtivos, e as institucións económicas e a súa evolución	A5 A11		C8
Asimilar que as realidades económicas son complexas, interrelacionadas con variables sociais, políticas e culturais, e inmersas nun contexto dinámico	A4		
Apreciar o papel desempeñado polos factores económicos e os factores institucionais nos procesos de desenvolvemento económico	A3 A4		
Análise das variábeis que determinaron o liderado occidental no proceso de crecemento económico contemporáneo	A4 A7		
Axudar a entender as orixes e persistencia das desigualdades socioeconómicas entre países	A6 A7		C5 C8
Aplicar conceptos básicos da economía a diferentes contextos históricos	A3 A7		
Coñecer as distintas formacións económicas xurdidas na evolución histórica recente, e os factores que condicionaron as súas formas de crecemento	A4		C2



Potenciar o emprego de técnicas e instrumentos cuantitativos básicos que impliquen o uso de material estatístico e gráfico	A10 A12		
Capacidade analítica e sintética	A9		
Capacidade crítica e autocrítica	A13		C4
Capacidade de expresión, oral e escrita			C1
Reforzar a capacidade de comprensión lectora	A7 A10		
Elaborar e defender argumentos sobre cuestións económicas	A4 A5		
Resolver problemas sobre as cuestións económicas, facendo uso dos coñecementos sobre as teorías, os modelos e os métodos científicos da economía e a empresa	A3		
Capacidade de procura, selección e elaboración de información	A2 A7		
Capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos á interpretación do material estatístico, gráfico e documental	A3 A7		
Destreza na aplicación de técnicas cuantitativas para o tratamento de repertorios estatísticos	A3 A4		
Capacidade para o traballo autónomo			C7 C8
Capacidade de aplicar o coñecemento na práctica	A6 A12		
Analizar e interpretar datos básicos da conxuntura económica	A4 A12		
A materia aporta valores humanísticos e culturais importantes para desenvolver o liderado en empresas e Administración pública ao que están chamados os futuros Graduados en Economía			C7 C8
Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía.	A8		
- Que os estudantes demostren posuir e comprender coñecementos nun área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que soe encontrar nun nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que se demostran por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa entorna de traballo. - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía - Que os estudantes formados se convertan en profesionais capaces de analizar, reflexionar e intervir sobre os diferentes elementos que constitúen un sistema económico - Que os estudantes coñezan o funcionamento e as consecuencias dos sistemas económicos, as distintas alternativas de asignación de recursos, acumulación de riqueza e distribución da renda e estean en condicións de contribuír ao seu bo funcionamento e mellora Que os estudantes sexan capaces de identificar e anticipar os problemas económicos relevantes, identificar alternativas de resolución, seleccionar as máis axeitadas e avaliar os resultados aos que conduce. -Que os estudantes respecten os dereitos fundamentais e de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.		B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9	
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6



Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. A evolución da economía española no longo prazo, 1789-2018	1.1. As grandes etapas da economía española desde a historia económica 1.2. Indicadores de desenvolvemento económico: unha panorámica cuantitativa 1.3. Convergencia e diverxencia respecto de Europa occidental 1.4. As desigualdades territoriais do crecemento económico 1.5. A crise económica en España: Leccións desde a Historia.
Tema 2. A crise do Antigo Réxime e a revolución Liberal (1789-1840)	2.1. A revolución liberal en España: novo marco xurídico e institucional 2.2. A Reforma Agraria Liberal 2.3. O colapso do comercio colonial 2.4. A quebra da Facenda e o establecemento da Facenda Pública liberal 2.5. A economía española durante ou o Antigo Réxime
Tema 3. O difícil arranque da industrialización (1840-1880)	3.1. Ritmos de crecemento e pautas de transformación estrutural 3.2. A expansión agraria e os seus límites 3.3. Letargo e esplendor da minería e déficit enerxético 3.4. Desenvolvemento industrial endógeno e limitado 3.5. Creación e crise da banca moderna
Tema 4. Crise e recuperación económica (1880-1913)	4.1. A integración dos mercados mundiais de produtos agrarios: A depresión finisecular 4.2. A lenta continuidade da industrialización 4.3. A perda dos últimos mercados coloniais e a Facenda pública 4.4. O auxo intersecular. A formación da gran empresa moderna e o arranque da Segunda Revolución Industrial
Tema 5. A economía española entre a I Guerra Mundial e a Guerra civil (1914-1936)	5.1. A conxuntura da I Guerra mundial (1914-1922) 5.2. Crecemento e cambios estruturais durante a Ditadura de Primo de Rivera (1923-1930) 5.3. A economía española durante a Segunda República e a Gran Depresión (1931-1936)
Tema 6. A Guerra civil e a ditadura franquista ata o Plan de Estabilización (1936-1959)	6.1. La guerra civil española: economía de guerra 6.2. El primer franquismo: intervención de los mercados y políticas autárquicas (1939-1949) 6.3. El segundo franquismo: la transformación de los planteamientos iniciales (1949-1959) 6.4. El Plan de Estabilización
Tema 7. ¿Desenvolvismo?, crise económica e transición política (1960-1985)	7.1. Industrialización acelerada: crecemento económico e cambio estrutural (1960-1972) 7.2. Problemas estruturais do modelo de crecemento a longo prazo 7.3. Crise económica e transición política (1973-1985)
Tema 8. A economía española, o seu proceso de integración en Europa e a primeira crise do século XXI (1986-2018)	8.1. Recuperación económica e as etapas de integración en Europa (1986-2007) 8.2. Recesión, crise e depresión (2008-2018) 8.3. Converxeu a economía española respecto das economías máis avanzadas no longo prazo?

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A2 C7 C8	1	0	1



Estudo de casos	A3 A4 A5 A6 A7 A9 A12 B3 B6 B7 B8 C6	9	18	27
Lecturas	A7 A11 A13 C2 C5	9	27	36
Presentación oral	A6 A7 A10 A13 B3 C1	3	6	9
Proba de ensaio	A3 A6 A9 A12 C1	3	0	3
Sesión maxistral	A2 A4 A7 A8 C4	17	51	68
Proba obxectiva	A4 A6 A9 A12 B2 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C6	2	0	2
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Planificación do curso, explicación de conceptos básicos e presentación das metodoloxías a aplicar
Estudo de casos	Inclúen prácticas a partir de textos e datos estatísticos
Lecturas	Haberá varias lecturas de carácter obrigatorio cuxo contido se discutirá en clase. Os seus contidos servirán como complemento das clases maxistrais e como material para realizar estudos de caso e análise de datos
Presentación oral	Debateráanse os contidos das lecturas obrigatorias e os resultados dos estudos de caso e análise de datos
Proba de ensaio	Durante o curso realizaranse dúas probas avaliábeis (cada unha 1,5 puntos) que servirán para realizar a avaliación continua dos estudantes. Estas probas consistirán nunha análise de datos históricos e/ou unha lectura obrigatoria do curso. Os alumnos dispoñerán dunha hora para realizar cada un dos exercicios propostos que computarán globalmente cun máximo de 3 puntos na nota final. As datas destas probas facilitaranse ao inicio do curso
Sesión maxistral	Nas sesións maxistrais o profesor impartirá as pautas clave da materia que o alumno debe coñecer e preparar con traballo individual e en grupo utilizando o resto de instrumentos que ofrece o curso. A asistencia a clase e a participación nas actividades realizadas na aula serán decisivas para elaborar a cualificación final dos alumnos dubidosos, aos que lles falten poucas décimas para o aprobado ou para subir nota
Proba obxectiva	Consistirá na realización dun exame escrito sobre os contidos do programa nas convocatorias oficiais. Para superar a proba, e que esta compute na avaliación final, haberá que obter un mínimo de 30 puntos dos 70 totais. Valorarase a capacidade de expresión, o manexo e o dominio do vocabulario específico, a capacidade analítica e sintética e o coñecemento dos contidos do programa. Está prohibido acceder á aula do exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información. Así mesmo, é necesario que cada alumno que desexa realizar o exame se identifique correctamente co DNI ou carné de estudante na aula onde se vaia realizar a proba.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Estudo de casos Lecturas Sesión maxistral	En cada un dos casos ofrecerase atención personalizada aos estudantes tanto nas sesións de clase coma no horario de tutorías. Alumnos con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: No caso de alumnos con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, empregarase a plataforma Moodle e o correo electrónico como vehículo de comunicación principal para a xestión de contidos, tutorías e a entrega de traballos. Acordarase ao comezo do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación, mais terán a mesma obriga de realizaren actividades e de acudir a calquera tipo de proba de avaliación que o alumnado a tempo completo. Ademais, se realizarán tamén actividades de orientación docente nas tutorías de grupo reducido (4 horas para cada grupo de 15 alumnos) durante o curso.
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A3 A4 A5 A6 A7 A9 A12 B3 B6 B7 B8 C6	Inclúen as prácticas con material cuantitativo. Refírese ás análises de datos estatísticos dende unha perspectiva de longo prazo. Os estudos de caso avalíaranse a través das dúas probas de ensaio/desenvolvemento	0
Lecturas	A7 A11 A13 C2 C5	Representan unha información complementaria ás clases maxistras. En clase traballaranse as técnicas para extraer a información fundamental das lecturas e discutirase o seu contido en clase. O contido das lecturas servirá como materia complementaria á impartida nas clases maxistras. Así mesmo, o contido das lecturas servirá tamén para elaborar os estudos de caso. En consecuencia, a súa avaliación realizarase conxuntamente cos estudos de caso a través das dúas probas de ensaio/desenvolvemento	0
Presentación oral	A6 A7 A10 A13 B3 C1	A participación activa do alumnado nas clases, a través das presentacións orais para a corrección de casos prácticos, terase en conta para elaborar a cualificación final dos estudantes dubidosos, aos que lles falten poucas décimas para o aprobado ou para subir nota.	0
Proba obxectiva	A4 A6 A9 A12 B2 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C6	Consistirá na realización dun exame escrito sobre os contidos do programa nas convocatorias oficiais establecidas. O exame representa o 70% da avaliación final do estudante. Pero para superar a materia o estudante deberá de obter un mínimo de 3 puntos no exame final e unha cualificación mínima de 5 puntos na avaliación global (exame + estudo de casos). No exame valorarase a capacidade de expresión, o manexo e dominio do vocabulario específico, a capacidade analítica e sintética e o coñecemento dos contidos do programa da materia.	70
Sesión maxistral	A2 A4 A7 A8 C4	Nestas sesións o profesor impartirá as pautas clave da materia que os estudantes deben coñecer e preparar con traballo persoal e coa axuda do resto de instrumentos que ofrece o curso.	0
Proba de ensaio	A3 A6 A9 A12 C1	Inclúen as prácticas con material cuantitativo (estudos de caso e Lecturas). Ao inicio do curso, a profesora establecerá dúas datas para realizar dúas probas avaliábeis e computábeis na nota final. En conxunto, as dúas probas avaliábeis contarán 3 puntos na nota final de curso (1,5 cada proba).	30

Observacións avaliación



O alumnado comezará a ser avaliado dende o primeiro día de curso independentemente da súa data de matrícula.

Se o alumno se presenta a unha das probas avaliáveis de "Estudos de caso" e non se presenta á segunda proba avaliável de "Estudo de caso" nin ao exame final, a súa avaliación será Non Presentado". No caso contrario, se se presenta a dous estudos de caso (preséntese ou non ao exame final), a súa cualificación será a correspondente á nota obtida no conxunto de exercicios avaliáveis realizados no curso. O exame ou proba obxectiva celebrarase na convocatoria oficial establecida pola Xunta de Facultade. Para superar a materia, o estudante haberá de obter en conxunto (exame + estudo de casos) unha cualificación de 5 puntos. No exame valorarase a capacidade de expresión, o manexo e dominio do vocabulario específico, a capacidade analítica e sintética e o coñecemento dos contidos do programa da materia.

O criterio de avaliación para a primeira e segunda oportunidade e a oportunidade adiantada será o mesmo.

Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Excepto para as fechas aprobadas na Xunta de Facultade no que compete á proba obxectiva, para as restantes probas acordarase ao inicio do curso un calendario específico de fechas compatible coa súa dedicación.

Fontes de información

Bibliografía básica	BIBLIOGRAFÍA Carreras, A. y Tafunell, X. (coord.) (2005), Estadísticas históricas de España siglos XIX-XX, Madrid : Fundación BBVA Carreras, A. y X. Tafunell (2010), Historia económica de la España contemporánea (1789-2009), Barcelona, CríticaComín, F y M. Hernández (ed.) (2013): Crisis Económicas en España 1300-2012. Lecciones de la Historia, Madrid, AlianzaComín, F.; M. Hernández y E. Llopis (Eds.) (2010), Historia económica de España, siglos X-XX, Barcelona, Crítica.Llopis, Enrique (ed.) (2004), El legado económico del Antiguo Régimen, Barcelona, CríticaLlopis, Enrique y Jordi Maluquer de Motes, (eds.) (2013), España en crisis: las grandes depresiones económicas, 1348-2012, Barcelona, Pasado & presenteMaluquer de Motes, Jordi (2014): La economía española en perspectiva histórica, Barcelona, Pasado&Presente.Nota: Al inicio de curso se colgarán en el campus virtual las lecturas obligatorias para cada tema
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Historia Económica/611G01002
Estatística I/611G01006

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

NON EXISTE UN ÚNICO MANUAL QUE CUBRA TODA A MATERIA IMPARTIDA AO LONGO DO CURSO NESTA MATERIA. A PROFESORA INDICARÁ EN CADA TEMA CALES SON AS PRINCIPAIS REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS COAS QUE OS ESTUDANTES TERÁN QUE COMPLETAR A MATERIA EXPLICADA EN CLASE. ASÍ MESMO, O ALUMNADO TERÁ QUE LER E TRABALLAR EN CLASE VARIAS LECTURAS OBRIGATORIAS QUE SE INDICARÁN EN CLASE PARA CADA UN DOS TEMAS. O alumnado terá a obriga de consultar con regularidade o campus virtual da materia, pois será a vía que a profesora utilizará para colgar información sobre todos os aspectos relacionados coa materia. A materia non esixe requisitos previos. Non obstante, considéranse como recomendables: - Coñecementos básicos de informática a nivel de usuario. Coñecementos básicos de Historia e Estatística. Familiaridade con conceptos básicos de Economía.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías